

Resultados da enquisa pasada ao profesorado sobre Edixgal

Esta enquisa foi realizada por 23 profesores/as.

Es usuario da plataforma de Edixgal?

Desplegable


14 (61%): **Sí**



9 (39%): Non



0 (0%): Sin respuesta




Esta enquisa debía ser contestada por todo o profesorado porque dentro dun ano debe tomar unha decisión de grande calado sobre a continuidade en Edixgal. Esta enquisa pretendía ver a súa opinión sobre a implantación do programa do centro nun momento de contestación social por parte dun sector dos país e nais.

Globalmente, vendo a experiencia da docencia nas materias que se desenvolven na plataforma EDIXGAL, dirías que é...

Elección múltiple


8 (35%): **Positiva**




8 (35%): **Non sabe, non contesta**



7 (30%): Negativa



0 (0%): Sin respuesta



Como vemos, de inicio, a opinión está moi fragmentada.

Indica os aspectos que considera positivos da implantación de EDIXGAL no centro

Elección múltiple

13 (57%): **A opción de dispor dun portátil para buscar e seleccionar calquera información requirida ou para crear unha presentación e defendela publicamente en clase**

4 (17%): Multitude de recursos coa posibilidade de que o profesorado personalice o contido ao alumnado.

4 (17%): Uso por parte dos docentes e do alumnado das novas tecnoloxías. Ambos traballamos na competencia dixital

1 (4%): Unha docencia máis adaptada a esta xeración de nativos dixitais.

1 (4%): Posibilita unha docencia baseada no desenvolvemento de proxectos e que supera o marco da aula

0 (0%): Sin resposta

0 (0%): Canle de comunicación profesorado – alumnado. Posibilidade de contacto directo co profesorado fóra de clase.

0 (0%): Os materiais dixitais ofrecen unha variedade de actividades de feed back, de ampliación, de recuperación.

Indique os aspectos que considera negativos da implantación de EDIXGAL no centro

Elección múltiple

7 (30%): **A perda de calidade nos materiais didácticos. Calidade discutible do contido e actividades das editoriais**

4 (17%): Hai alumnado ao que privarlle do libro en papel complícalle o estudo. Necesitan suliñar. En fin, prefiro o uso do libro.

4 (17%): Pásanse un número de horas moi elevado diante de pantallas.

4 (17%): Xera distracción e dispersión nalgún alumnado. Ao estar conectado fai de todo menos traballar. É unha vantaxe só para alumnado moi responsable e maduro.

2 (9%): Non se utiliza en todas as materias polo que ao final teñen que cargar tamén cos libros

1 (4%): Non está integrado todo na mesma plataforma e as veces resulta complicado que o alumnado localice a información precisa e as tarefas. Páxina pouco intuitiva, liosa.

1 (4%): O risco dunha caída ou dun mal uso do portátil

Cando se lles pide que engadan algo que no se recolle na elección anterior, no positivo, algunha persoa indica que é unha boa canle de comunicación entre o alumnado e o profesorado, outra indica que pode personalizar a acción educativa.


No negativo hai máis intervencións que pasan polas seguintes ideas:

- Os materiais didácticos non son bos e o alumnado non se concentra igual
- Perda de tempo polo mal funcionamento dos equipos e as súas avarías
- Distraccións e dispersión nun sector do alumnado
- Un mal uso por parte do alumnado


Despois de ter reflexionado nas vantaxes e nos posibles inconvenientes, a túa opinión global sobre Edixgal é...

Elección múltiple


11 (48%): **Negativa**




8 (35%): Positiva



4 (17%): Non sabe,, non contesta



0 (0%): Sin respuesta



Agora vemos que hai máis persoas que se incorporan a unha opinión negativa que no inicio da enquisa mentres que os que teñen unha visión positiva mantéñense firmes.


Dende que usas a plataforma de Edixgal fixeches moitos trocos na túa forma de desenvolver as clases?

Casillas de verificación

8 (35%): **Bastante**




7 (30%): Non sabe, non contesta




6 (26%): Algo



2 (9%): Non houbo ningún cambio



0 (0%): Sin respuesta



0 (0%): Totalmente



Se mudou, poderías indicar algún troco de tipo metodolóxico ou de organización do traballo na aula que implementaches coa chegada de EDIXGAL

Texto largo

- **14 (61%): Sin respuesta**
- Facer traballos en formato dixital dentro da aula
- A elaboración de cuestionarios, a posibilidade de ter as partituras cos audios...aunque si o pensó ben, esta posibilidade tamen a proporciona o Aula Virtual
- Realización de actividades interactivas.
- Entrega de tarefas a través da plataforma e facilitar material complementario en formato de dixital.
- A aplicación do deseño universal de aprendizaxe. É dicir, o alumnado busca a información, prepara as actividades que implican unha aprendizaxe das fontes e en clase contrastamos as respostas e afianzamos o contido aprendido.
- Viña de usar a Aula Virtual que xa permitía traballar a competencia dixital dos estudantes, desenvolver unha docencia baseada no desenvolvemento de proxectos, empregar diversos recursos/materiais e contactar co alumnado para resolver dúbidas fóra da clase.
- Aproveitar para avaliación teórica na mesma plataforma ou o visionado de contido en casa.
- Considero unha vantaxe dispoñer do recurso electrónico pero non apoiaría o seu uso no caso de dispoñer de equipos na aula.
- Máis tarefas e recursos para que o alumnado poida seguir mellor os contidos da materia

Custouche adaptarte ao uso da plataforma EDIXGAL?

Elección múltiple

13 (57%): **Nada**



9 (39%): Un pouco



1 (4%): Moito



0 (0%): Sin respuesta



Se no centro, para a ESO, temos a plataforma EDIXGAL para unhas materias, para outras a Aula Virtual e para outras o libro en papel, que te parecería se houbera unha única plataforma de contidos dixitais?

Elección múltiple

15 (65%): **Pareceríame ben porque simplificaría todo**

3 (13%): Resultaríame indiferente. Xa nos adaptamos a existencia de dúas plataformas e ao libro en papel.

3 (13%): Non sabe, non contesta

2 (9%): Non estou de acordo con este proceso de dixitalización. Prefiriría volver exclusivamente ao libro en papel

0 (0%): Sin respuesta

Onde cres que están os maiores riscos no uso de EDIXGAL?

Elección múltiple

10 (43%): **Nas dificultades de concentración para o estudo pola estimulación constante creada polas pantallas**

5 (22%): No tempo que pasan entre pantallas.

4 (17%): Nun uso non educativo do portátil

2 (9%): No risco que se dispersen e non atendan ao profesorado

2 (9%): Na dificultade de atopar os contidos e os exercizos que deben traballar. A algúns vexoos moi perdidos

0 (0%): Sin respuesta

0 (0%): Nunha posible perda ou golpe do portátil. As incidencias están medrando moito

Se na anterior pregunta non se contempla unha resposta máis acorde co teu punto de vista pode expresalo neste espazo

Texto largo

- **19 (83%): Sin respuesta**
-
- É millor a Aula virtual que Edixgal
- Tamén no risco de uso indebido
- Todas as anteriores. Deixa de ser un equipo de uso educativo para adquirir outros moi diversos que escapan ó noso control. Tamén ós das familias que en moitas ocasións non teñen formación e descoñecen o que fan os fillos no equipo. Nunca permitiría a saída do equipo ás casas.

De 1 a 5, como cres que está tratando o alumnado o material entregado?

Desplegable

11 (48%): **4 (bastante ben)**

9 (39%): 3 (regular)

2 (9%): 1 (moi mal)

1 (4%): 2 (bastante mal)

0 (0%): Sin resposta

0 (0%): 5 (Moi ben)

A maioría non cre que a súa competencia dixital tivera unha mellora porque exista esta plataforma. É dicir, o profesorado do centro, en xeral, xa estaba formado anteriormente e o seu manexo neste tipo de recursos non lle presenta problemas.

Sobre as necesidades en aspectos formativos deste tipo de temática o 83% non expresa nada. Algunha persoa apunta formación na linguaxe de programación e outra persoa formación en realidade virtual.


A competencia dixital do alumnado consiste na adquisición de destrezas na alfabetización informacional, comunicación, creación de contidos, uso responsable e resolución de problemas. En que aspectos dos citados hai un progreso evidente no alumnado?

Elección múltiple


12 (52%): **Creación de contidos dixitais**




6 (26%): Destrezas na alfabetización informacional




3 (13%): Resolución de problemas dixitais




1 (4%): Comunicación



1 (4%): Uso responsable



0 (0%): Sin respuesta




Cres que esas destrezas as estamos abordando no centro?

Casillas de verificación


17 (74%): **Sí**




3 (13%): Non



3 (13%): Non sabe, non contesta



0 (0%): Sin respuesta




Que te parece a calidade dos materiais dixitais que ofrecen as editoriais que acompañan ao programa?

Casillas de verificación


13 (57%): **Vexo bastantes deficiencias**




7 (30%): Son pobres




5 (22%): Son mellorables, pero valénme



0 (0%): Sin respuesta



0 (0%): Son de boa calidade



Se te dixeran que o centro vai abandonar o programa de EDIXGAL, pareceríache

Casillas de verificación


12 (52%): **Ben**




6 (26%): Mal




3 (13%): Resúltame indiferente



2 (9%): Non sabe, non contesta



0 (0%): Sin respuesta



Para rematar, e agradecendo que teñas chegado ata aquí, se cres que hai algo importante sobre este tema que non queda recollida na enquisa e te gustaría trasladar podes comunicarlo neste espazo final.

Texto largo

- **17 (74%): Sin respuesta**
-
- No llegué a implementar nunca Edixgal porque en Educación Física los materiales que traían era nulos o inexistentes.
- Para seguir con edixgal tería que mellorarse moitísimo a plataforma que está con capada para moitísimos aspectos que o uso da informática pode ofrecer
- Edixgal debería ser máis flexible nas condicións do seu emprego e debería convivir co papel. Os ordenadores deberían quedar no centro e serían usados só cando o profesorado o autorice
- Creo que edixgal é unha ferramenta, e como tal, tamén creo que temos moitas ferramentas ao noso dipor. O seu uso debe de ser equilibrado e racional para sacarlle o seu partido. Nin é bo abusar dela nin abandonala.
- O abandono de EDIXGAL por parte do centro para min sería indiferente porque creo que pesan bastante máis, para a xestión por parte do centro dos equipos, os aspectos negativos que os positivos. E creo que se seguiría utilizando a aula virtual como soporte por parte do profesorado que realmente está interesado.